Taxa de Graduación (IN02-PC02)	89,83%	No curso 12/13, este resultado descendeu aproximadamente un 15 %. Este resultado consideramos que é puntual xa que no curso académico que estamos analizando, o dato subiu un 11%, alcanzando practicamente o previsto na Memoria Verifica. Entendemos que o deseño do plan de estudos está ben axustado a formación previa dos estudantes e que tanto a planificación das materias como a súa avaliación son adecuadas.
Taxa de Eficiencia (IN03-PC02)	100%	A Taxa de eficiencia do título é moi superior ó valor estimado na Memoria de Verificación (>85%) e lévao sendo en tódalas edicións desta titulación. O que indica que todo o alumnado se matricula dos créditos que debe matricularse.
Taxa de Éxito (IN04-PC04)	99,71%	Con pequenas variacións practicamente todo o alumnado do Máster superou a totalidade dos créditos dos que se matriculou, polo que queda patente que tódolos módulos que conforman o título atópanse adaptados a capacidade de superación do estudiantado.
Taxa de Rendemento (IN05-PC02)	98,26%	A Taxa de rendemento obtida polo alumnado de tódolos módulos que compoñen este máster é moi satisfactoria, superando o 98%, e mellorando o dato das edicións anteriores. Elo indica que a evolución da titulación no seu conxunto estase desenrolando de maneira satisfactoria.
Taxa de Abandono (IN01-PC02)	2,54%	A Taxa de abandono é moi inferior a establecida na memoria verifica (<10%). Delo infírese que o plan de estudos e a planificación docente son adecuados e están adaptados as expectativas do alumnado. O dato é superior o da edición do curso 12-13, aínda que é baixo e polo tanto entendemos que non é significativo.

<p>Ratio de prazas ofertadas/ demandadas</p>	<p>*Anexo 1 73,38%</p>	<p>A demanda de prazas en algúns itinerarios desta titulación é superior a oferta. Isto débese as circunstancias concretas desta titulación, que é necesaria para opositar o Ensino Secundario Obrigatorio, FP ou Ensino de Idiomas.</p> <p>Os datos son moi dispares nos distintos itinerarios. Chegan ó 100% nos itinerarios máis demandados (linguas estranxeiras e oficiais, e educación física). En relación a este dato, é importante destacar, que estes itinerarios presentan como saída profesional principal a docencia, de aí que teñan tan alta demanda. Encontramos que en outros 5 itinerarios o resultado obtido tamén é moi alto, superior ó 80%.</p> <p>No resto de itinerarios o dato referido é inferior, atopando o máis baixo para o itinerario de Orientación Educativa do Campus de Pontevedra. Neste itinerario, solo se ofertan 8 prazas, entendendo que a demanda sería baixa pero era necesario ofertar esta modalidade. Se os resultados seguen sendo tan baixos, estudarase eliminar esta especialidade.</p> <p>Nos itinerarios de Artes e FOL, os resultados son máis baixos que outros anos, entendemos que é unha situación puntual e que o dato subirá no próximo ano.</p>
<p>Variación da matrícula de novo ingreso no 1º curso respecto ó curso anterior</p>	<p>*Anexo 2 85,6%</p>	<p>En el anexo 2 se indican los datos por itinerario.</p> <p>Observamos que en 9 dos 14 itinerarios, o número de matriculados foi superior ó do curso anterior. Nestes itinerarios practicamente se cubriu as prazas ofertadas.</p> <p>No itinerario de Educación física, matriculáronse 19 persoas, das 20 prazas ofertadas, a pesar de ser un resultado inferior, a taxa é moi alta.</p> <p>Nos itinerarios de FOL e Artes, o dato é máis preocupante, xa que son itinerarios que en cursos anteriores sempre se completaban. Debemos facer seguimento deste dato para comprobar que é unha situación puntual.</p> <p>Nos itinerarios de Tecnoloxía e Humanidades de Ourense, o número de matriculados é sensiblemente inferior ó de anos anteriores. No de Tecnoloxía, entendese, xa que sube o número de matriculados neste itinerario en Vigo. En total son 42 matriculados neste, o que significa que se completan as prazas ofertadas globalmente.</p> <p>Respecto ó itinerario de humanidades, destacar que historicamente é un itinerario no que a pesar de haber bastantes peticións, case nunca se cubran tódalas prazas; entendemos que o dato que se aporta é razoable, se facemos seguimento sobre anos anteriores.</p>

2.2. Outras observacións referidas ós resultados de indicadores establecidos no Sistema de Calidade

A CGIC del centro considera que globalmente os resultados obtidos nos indicadores establecidos no Sistema de Garantía Interno de Calidade son satisfactorios. Con todo, os membros da Comisión de Calidade son conscientes da importancia de continuar melloralos, no posible, para o próximo curso académico.

3. Análise dos Resultados das Enquisas de Satisfacción das Titulacións Oficiais

3.1. Conclusións principais

Analizados os resultados obtidos nas encuestas de satisfacción das titulacións oficiais do centro (VER E01-PM01) extráense as seguintes conclusións:

Titulación: Grao en Educación Infantil

Ítem/Indicador	Resultado <i>Índice de Referencia empregado: de 1 a 7</i>	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71/IN07-PM01 Alumnado, selección, admisión, matrícula	Muller: 4,35 Home: 5,33 Media: 4,43	Satisfactorio. Lixeiro incremento nos homes (4%) con respecto ó pasado curso e leve descenso nas mulleres (4,6%)
72 Al., accións de orientación	Muller: 3,79 Home: 5,00 Media: 3,89	Aceptable, lixeiramente superior ao curso anterior.
74/IN10-PM01 Al., planificación, desenvolvemento ensino	Home:4,25 Muller:4,18 Media 4,18	Satisfactorio, lixeiramente superior ao curso anterior.
75/IN11-PM01 Al., recursos de apoio ao ensino	Muller: 3,91 Home: 4,26 Media: 3,94	Aceptable, a súa media ronda os 4 ptos., supera un pouco a puntuación do ano pasado.
76 Al., actividade docente profesorado	Muller: 4,79 Home: 4,42 Media: 4,42	Satisfactorio.
78/IN14-PM01 planificación,desenv olvemento do ensino	Muller: 5,22 Home: 5,21 Media: 5,21	Satisfactorio, superando a puntuación do curso anterior, chegando a unha media de 5.
79 PDI, servizos apoio ao estudante	Muller: 5,29 Home: 5,81 Media: 5,65	Satisfactorio, cunha media semellante a do curso pasado



Edificio de Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

80/IN14-PM01 (PDI Profesorado) PDI, recursos de apoio ao ensino	Home: 5,32 Muller: 5,16 Media: 5,28	Moi satisfactorio, cunha media de 5,67, superior á do pasado curso (5,12) Satisfactorio, con algo de descenso con respecto o curso pasado, en particular nas mulleres (mulleres: 6,99).
81 PDI, satisfacción co alumnado	Muller: 5,97 Home: 5,92 Media: 5,94	Moi satisfactorio, cunha media lixeiramente superior á do curso pasado.

Titulación: Grao en Educación Primaria

Ítem/Indicador	Resultado <i>Índice de Referencia empregado: de 1 a 7</i>	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71 Alumnado, selección, admisión, matrícula	Muller: 4,53 Home: 4,64 Media: 4,57	Satisfactorio, cunha media semellante a do curso pasado.
72 Al., accións de orientación	Muller: 3,83 Home: 4,05 Media: 3,90	Aceptable, mantense semellante o curso pasado, pero debe continuar mellorándose.
74 Al., planificación, desenvolvemento ensino	Homes: 3,98 Mulleres: 3,91 Media: 3,92	Aceptable, cunha media levemente superior o pasado curso. A puntuación é lixeiramente superior no caso dos homes e a penas algo inferior nas mulleres.
75 Al., recursos de apoio ao ensino	Homes: 4,00 Mulleres: 3,94 Media: 3,96	Satisfactorio, cunha media algo inferior a do curso pasado curso
76 Al., actividade docente profesorado	Muller: 4,95 Home: 5,05 Media: 4,97	Satisfactorio. Non constan datos do curso pasado.
78 PDI, planificación, desenvolvemento do ensino	Muller: 5,57 Home: 5,38 Media: 5,44	Satisfactorio. Media lixeiramente superior en ambos sexos respecto ao ano anterior.
79 PDI, servizos apoio ao estudante	Muller: 5,13 Home: 5,88 Media: 5,64	Satisfactorio, cunha media superior o curso pasado, pero descende lixeiramente a puntuación das mulleres.
80 PDI, recursos de apoio ao ensino	Muller: 5,28 Home: 5,53 Media: 5,45	Satisfactorio, cunha media algo inferior o curso pasado, provocada por un leve descenso nas mulleres.
81 PDI, satisfacción co alumnado	Muller: 6,38 Home: 5,58 Media: 5,85	Moi satisfactorio, cunha media de 5,85, lixeiramente superior á do pasado curso (5,64).

Titulación: Grao en Educación Social

Ítem/Indicador	Resultado <i>Índice de Referencia empregado: de 1 a 7</i>	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71 Alumnado, selección, admisión, matrícula	Muller: 4.56 Home: 3.75 Media : 4.50	Acceptable, con mellora respecto ó ano anterior en relación ao alumnado masculino.
72 Al., accións de orientación	Muller: 3.91 Home: 3,00 Media: 3.85	Acceptable, puntuación global lixeiramente inferior a do ano anterior. Se ben debe prestarse atención a puntuación dada polo alumnado masculino, que aínda que é pouco representativo, presenta unha puntuación baixa.
74 Al., planificación, desenvolvemento ensino	Muller: 4.75 Home: 3.91 Media:4.74	Acceptable, con mellora respecto ó ano anterior. Se ben debe prestarse atención a puntuación dada polo alumnado masculino aumentou case un punto con respecto ao ano anterior.
75 Al., recursos de apoio ao ensino	Muller: 4.40 Home: 3.81 Media: 4.37	Acceptable, puntuación global similar a do ano anterior. Se ben debe prestarse atención a puntuación dada polo alumnado masculino, que aínda que é pouco representativo e presenta unha puntuación máis baixa que as mulleres, no obstante, aumentan máis de 1.31 con respecto o ano anterior.
76 Al., actividade docente profesorado	Muller: Home: Media: 3.94	Este dato é satisfactorio, dacordo coas enquisas de avaliación docente do profesorado, nas que se usa escala de 1 a 5. Non se dispón de datos segregados por sexo.
78 PDI, planificación, desenvolvemento do ensino	Muller: 5.80 Home: 5.92 Total: 5.86	Satisfactorio, puntuación lixeiramente superior ao curso anterior.
79 PDI, servizos apoio ao estudante	Muller: 4.70 Home: 5,60 Media: 5,15	Satisfactoria.
80 PDI, recursos de apoio ao ensino	Muller: 5.84 Home: 5.67 Total:5.75	Satisfactorio, puntuación lixeiramente superior ao curso anterior.
81 PDI, satisfacción co alumnado	Muller: 6.18 Home: 5,85 Media: 6.00	Satisfactorio, lixeiro incremento respecto o curso anterior.

Titulación: Grao en Traballo Social

Ítem/ Indicador	Resultado <i>Índice de Referencia empregado: de 1 a 7</i>	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71 Alumnado: selección, admisión, matrícula	Muller: 4.82 Home: 4.76 Total: 4.81	O resultado pode considerarse aceptable, sendo o promedio algo superior ao do curso anterior.
72 Alumnado: accións de orientación	Muller: 3.82 Home: 4.00 Total: 3.85	Aínda que o valor promedio é aceptable e similar ao do curso pasado, o valor promedio pode ser mellorado.
74 Alumnado: planificación, desenvolvemen to ensino	Muller: 4.14 Home: 4.07 Total: 4.13	Puntuación media aceptable e lixeiramente superiores á do curso pasado.
75 Alumnado: recursos de apoio ao ensino	Muller: 3.82 Home: 4.67 Total: 3.85	Promedio cun valor aceptable. Respecto ao curso anterior, soben algo os homes e baixan un pouco as mulleres e o total.
76 Alumnado: actividade docente profesorado	Muller: Home:	Non constan datos no documento "Resultados da avaliación da satisfacción coas titulacións oficiais na Universidade de Vigo 2013/14".
78 PDI: planificación, desenvolvemen to do ensino	Muller: 5.29 Home: 5.22 Total: 5.26	Puntuación moi satisfactorio e lixeiramente superior ao do curso pasado. Esta mellora é máis clara para os homes e o total.
79 PDI: servizos apoio ao estudante	Muller: 4.73 Home: 5.00 Total: 4.86	Puntuación moi aceptable, constatándose un lixeiro incremento respecto aos valores obtidos ao longo do pasado curso.
80 PDI: recursos de apoio ao ensino	Muller: 5,80 Home: 4.93 Total: 5.41	Puntuación promedio moi satisfactoria. Aínda que baixa algo nos homes, sobe nos valores das as mulleres e do total.
81 PDI: satisfacción co alumnado	Muller: 5,72 Home: 5.95 Total: 5,83	Valores medios moi satisfactorios. Mantéñense os acadados polas mulleres e soben algo os dos homes e o os globais.

Titulación: Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Ítem/Indicador	Resultado Índice de Referencia empregado: de 1 a 7	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71 Alumnado, selección, admisión, matrícula	Muller: 5,79 Home: -- Total: 5,79	A selección é por expediente académico. Destacar la elevada motivación y eficiencia do persoal PAS adscrito a administración do título, o que sen dúbida, explica a alta puntuación acadada neste apartado
72 Al., accións de orientación	Muller: 3,00 Home: -- Total: 3,00	O grado de satisfacción do alumnado cos distintos colectivos implicados nas accións de orientación é deficiente. Este dato motivou a planificación para o curso 14-15 de accións encamiñadas a mellóraa deste indicador (Xornadas de orientación profesional e emprendemento". Así mesmo, iniciáronse accións desde o PAT encamiñadas ao fortalecemento deste tipo de competencias.
74 Al., planificación desenvolvemento ensino	Muller: 4,08 Home: --- Total: 4,08	Obsérvase neste indicador unha melloría respecto o pasado curso, pasando de un valor total de 3,81 a 4,08. O profesorado de cada materia desenvolveu un documento conxunto no que se plasma a planificación global de cada asignatura, favorecendo deste xeito a percepción da coordinación interna.
75 Al., recursos de apoio ao ensino	Muller: 4,65 Home: --- Total: 4,65	Situación satisfactoria. En calquera caso, a media vese reducida polo ítem de grao de satisfacción cos servizos externos (reprografía, comedor, cafetería...), que non existen na Facultade.
76 Al., actividade docente profesorado	No procede	
78 PDI, planificación, desenvolvemento do ensino	Muller: 5,72 Home: 5,66	Situación satisfactoria.
79/80 PDI, servizos e recursos apoio ao estudante	Indicador 79 Muller: 4,88 Home: 5,35 Total: 5,12 Indicador 80 Muller: 5,79 Home: 5,87 Total: 5,82	Os valores acadados reflictan un adecuado grao de satisfacción.
81 PDI, satisfacción co alumnado	Muller: 6,31 Home: 5,89 Total: 6,14	Resultado moi satisfactorio

Titulación: Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Ítem/Indicador	Resultado Índice de Referencia empregado: de 1 a 7	Determinar se o valor reflicte un resultado positivo ou polo contrario mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
71 Alumnado, selección, admisión, matrícula	Muller: 5,43 Home: 5,80 Media: 5,58	Neste ítem o resultado é satisfactorio. A media do grupo aumenta lixeiramente respecto ao curso 2012-2013 (5,20) , tamén os resultados obtidos polos homes (3,83).
72 Al., accións de orientación	Muller: 3,40 Home: 4,80 Media: 4,10	Aceptable. As medias dos estudantes aumentan significativamente este curso académico respecto ao curso 2012-2013 (Media: 2,86; Homes: 3,50; Mulleres: 2,60).
74 Al., planificación, desenvolvemento o ensino	Muller: 4,43 Home: 5,42 Media: 4,86	Aceptable. Obsérvase un importante aumento neste ítem respecto ao curso 2012-2013 (Media 3.26; Homes: 3; Mulleres 3,37)
75 Al., recursos de apoio ao ensino	Muller: 4,86 Home: 5,63 Media: 5,17	Satisfactorio. É similar ao curso anterior
76 Al., actividade docente profesorado	Muller: Home: Media:	Información no dispoñible
78 PDI, planificación, desenvolvemento do ensino	Muller: 5,92 Home: 6,24 Media: 6,14	Moi satisfactorio.
79 PDI, servizos apoio ao estudante	Muller: 5,80 Home: 6,29 Media: 6,08	Moi satisfactorio. Resultados similares ao curso anterior
80 PDI, recursos de apoio ao ensino	Muller: 5,75 Home: 6,30 Media: 6,12	Moi satisfactorio. As medias son similares ao ano anterior
81 PDI, satisfacción co alumnado	Muller: 6,27 Home: 6,31 Media: 6,29	Moi satisfactorio. As medias son similares ás do curso anterior

Titulación: Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Ítem/Indicador	Resultados <i>Índice de Referencia empregado: de 1 a 7</i>	Determinar se o valor reflexa un resultado positivo ou pola contra mellorable, expoñendo, neste caso, as posibles causas
Indicador 71 Grado de satisfacción do alumnado cos procesos de selección, admisión e matriculación	5,09	O resultado obtido para o curso académico 2013-14 sigue sendo un resultado relativamente alto, tendo en conta as valoracións do alumnado no resto de indicadores. Este dato mantense nas últimas 3 edicións da titulación, co que entendemos que cada ano se mellora no proceso de selección e nos procedementos de admisión e matriculación. A información aportada previa ó proceso de matrícula e durante ese proceso foi suficiente e adecuada.
Indicador 78 Grado de satisfacción del PDI coa planificación e desenvolvemento do ensino	5,45	Este dato mantense respecto a anos anteriores. Consideramos que é unha puntuación alta, o que reflicte que o PDI está satisfeito coa planificación e desenvolvemento do ensino. Desde a Coordinación do máster continuase traballando, planteando distintas acción de mellora para mellorar estes datos.
Indicador 79 Grado de satisfacción do PDI cos servizos de apoio ó estudante	5,35	Obtívose un valor de 5,35 puntos de un máximo de 7. Esta avaliación é superior a de edicións anteriores. Isto indica que o PDI observou os esforzos da coordinación do mestrado por mellorar os servizos de apoio ó estudante, nos que se implicou ó profesorado. O resultado é superior, e débese continuar na liña de mellora destes servizos, tendo en conta que esta subida pode ter sido puntual.
Indicador 80 Grado de satisfacción do PDI cos recursos de apoio a ensinanza	5,50	O valor obtido para o curso 2013/14 mantense nos datos de anos anteriores, o que indica que en xeral o PDI está satisfeito cos recursos de apoio a ensinanza. Será importante seguir a evolución do indicador en sucesivos cursos académicos. Aínda que a puntuación baixou levemente respecto ó curso anterior espérase que coas melloras que se levan a cabo anualmente este dato continúe aumentando.
Indicador 81 Grado de satisfacción do PDI cos estudantes	5,86	O valor alcanzado para o curso 2013-14 é superior ó do curso anterior. É un resultado alto e polo tanto indicativo dun elevado grao de satisfacción do profesorado co alumnado. Débese continuar co seguimento sobre este indicador e espérase que esta subida se siga producindo.
Encuesta EAD Grado de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado	Non dispoñible	No curso 2013/2014 non se puideron realizar as encuestas por incompatibilidade coa planificación horaria deste título, pois non ten unha distribución típica cuatrimestral similar o resto das titulacións da Universidade de Vigo.

3.2. Outras observacións referidas ós resultados das encuestas de satisfacción das titulacións oficiais do centro

A Comisión de Garantía Interna de Calidade do centro considera que globalmente os resultados obtidos nas encuestas de satisfacción das titulacións oficiais do centro son satisfactorios, e manifestan o empeño de superación desta Facultade. Sen embargo, tamén é consciente de que é preciso continuar potenciando procesos de participación, colaboración e mellora de cara o curso académico actual e posteriores. Este é un reto sobre o que desde a CGIC se convida e trata de estimular os membros da comunidade universitaria. Ademais cabe sinalar a elevada complexidade para poder satisfacer a tódalas partes.

4. Principais incidencias, queixas, reclamacións ou suxestións recibidas

4.1. Conclusións

O número total de suxestións recibidas foi 1, o de incidencias acapara a maior cantidade ascendendo a 11 (basicamente están focalizadas no desenvolvemento da docencia e de problemáticas relacionadas cos recursos), de queixas 2 (fundamentalmente relaciónanse coa docencia e os recursos) e parabéns houbo 1 procedente dun alumno. Na seguinte táboa recóllese forma resumida a información relativa as incidencias, queixas ou reclamacións e suxerencias recibidas no centro a través do procedemento establecido e dos protocolos xerados para a xestión e revisión das mesmas (PA04).

Táboa resumo das incidencias, queixas, reclamacións e suxestións

Tipo	Titulación/ Centro	Data	Remitente/Sector	Extracto do Contido	Resposta dada
Suxestión	Facultade	30/5/14	Profesora...../....	Escrito relativo ás eleccións	Telo en conta para o seguinte proceso electoral no Centro.
Incidencia	3º Educ. Infantil	12/9/13	Estudantes.....	Solicitado cambio de aula	Respondido por correo electrónico ao enderezo indicado, indicando que se lle asignaron novas aulas ás materias onde tiñan maior problemática.
Incidencia	1º Educ. Primaria	07/10/13	Unha estudante	Solicitando cambio de aula	Respondido por correo electrónico ao enderezo indicado, indicando que se lle asignaron novas aulas ás materias onde tiñan maior problemática.
Incidencia	Psicopedagogía	09/10/13	Estudante.....	Imposibilidade de contactar cun profesor polos medios habituais	Respondido por correo electrónico: facilitóuselle o seu nº telefónico persoal.
Incidencia	--	24/10/13	Coordinador do Campus.....	Relativo ao mal funcionamento do lab. Inform. 19	Solucionado a través da bolsa de Sist. Informáticos da Facultade. (correo electrónico).
Incidencia	Educ. Primaria	3/12/13	Alumna.....	Mal funcionamento da calefacción, aula 1.5	Mediante conserxería avisouse ao persoal de mantemento, para revisar a calefacción.



Edificio de Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

Incidencia	Educ. Primaria	30/1/2014	Profesor.....	Solicitude cambio titor TFG	Aceptada e comunicada (@ 4/2/14)
Incidencia	1º Educ. Primaria	23/1/2014	Alumno.....	Solicitando cambio de aula	Consultada a dispoñibilidade de aulas en conserxería, concedéuselle outra aula adaptada as súas necesidades. A decana informounos persoalmente na aula deste cambio.
Incidencia	3º Educ. Primaria	29/1/2014	Profesora.....	Solicitando dar a docencia dunha materia na Facultade de Empresariais e Turismo	A decana autorizou o pedimento persoalmente, nunha entrevista coa docente.
Incidencia	Representante alumnado	21/4/14	Alumno.....	Comunicando erro na WEB	Enviado aviso aos encargados da WEB, solucionouse ao día seguinte.
Incidencia	Alumnado	22/4/14	Alumna.....	Comunicando problemas na Aula de Libre Acceso do soto (impresoras)	Avisouse aos bolseiros informáticos encargados deste espazo.
Incidencia	Profesorado	29/5/14	Profesor.....	Comunicando incidencia nun exame	Repetición do exame, se reclama á alumna
Queixa	Infantil/Primaria	13/9/13	Profesor.....	Problemas de refregeración	Enviada a Administradora do Campus Norte, para a súa tramitación e solución.
Queixa	Traballo Social	7/2/14	Alumnado.....	Sobre a materia “Ética e Traballo Social”	Enviada ao Dpto. aos efectos oportunos (12 de febreiro, saída 46)
Parabén	Traballo Social	24/9/13	Alumnado....	Parabéns pola nova WEB posta en marcha.	

4.2.Outras observacións respecto as queixas e suxerencias

En liñas xerais, a CGIC do centro considera que se atenderon debidamente todas as queixas e que se resolveron satisfactoriamente as incidencias. En ningún momento se pon de manifesto que fosen obxecto de descoido ou falta de atención, senón todo o contrario.

5. Obxectivos de Calidade do Centro

5.1. Conclusións en relación os obxectivos de calidade do centro

De seguido analízase a consecución dos obxectivos de calidade establecidos polo Centro e reflíctense as conclusións máis salientables con relación os resultados obtidos.

Táboa de análise dos obxectivos de calidade do centro

Listado de Obxectivos de Calidade Establecidos	Grado de Consecución Sinalar con un X (ver significado de codificación ó pe de páxina)				Valoración /Observacións
	L	LP	NL	AE ²	
Potenciar a difusión entre o alumnado, dos obxectivos do plan de estudos ligados a cada unha das titulacións do centro, en especial as que non superen a puntuación de 4 sobre 7. Obxectivo: alcanzar a puntuación de 4,5 en todas as titulacións.		X			Superan o obxectivo da puntuación de 4,5 a titulación de E. Social e tódolos mestrados do centro: “Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos” (5,58), “Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos” e “Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas” (5). Por outra parte, os Graos de E. Infantil, E. Primaria e Traballo Social quedan ó borde de acadar a referida puntuación.
Potenciar a difusión da política e criterios de admisión así como o perfil de entrada asociados a cada unha das titulacións do centro entre o alumnado. Obxectivo: alcanzar e/ou superar a valoración de 5 sobre 7.		X			Acadan ou superan o obxectivo proposto os mestrados do centro: “Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos” (5,58), “Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos” (5,92) e “Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza Dos Idiomas” (5); así coma o Grao de E. Infantil. Sen embargo os Graos de E. Primaria, E. Social e Traballo Social quedan ó borde de acadar a referida puntuación.

² L: LOGRADO; LP: LOGRADO PARCIALMENTE; NL: NO LOGRADO; AE: AUSENCIA DE EVIDENCIAS



Edificio de Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

<p>Valoración dos informes de seguimento e mellora dos títulos, dacordo coas directrices establecidas pola ACSUG. Seguir mantendo avaliacións de “Conforme” nas 7 titulacións específicas da Facultade.</p>	<p>X</p>				<p>Os 8 títulos deste centro (4 Graos e 4 Mestrados) obtiveron unha avaliación de “Conforme”.</p>
<p>Obter unha valoración media igual ou superior a 4/7 (ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino das titulacións impartidas no centro.</p>	<p>X</p>				<p>Analizados os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado dos graos e mestrados deste centro (Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos e Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos), coa excepción do de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas (do que non hai datos) obtense unha media superior a 4 pto neste indicador, o que resulta altamente satisfactorio.</p>
<p>Mellorar o procedemento para a xestión de queixas e suxestións que permita obter valores cuantitativos anuais, incrementando as situacións susceptibles de ser contabilizadas, ata agora reducidas ás que se presentan por escrito.</p>				<p>X</p>	<p>Non se rexistraron por escrito evidencias das queixas, parabéns, etc. verbais. Por elo non se fixo unha análise cuantitativa.</p>
<p>Integración dos Mestrados no Plan de Acción Titoría do centro, creando accións que reflicten a súa especificidade.</p>		<p>X</p>			<p>É necesario incidir novamente neste aspecto, xa que as accións máis salientables continúan sendo a xornada de acollida e non se deseñaron accións de titorización sistematicamente, aínda que no práctica si se orientou ó alumnado por diversas vías con carácter, de xeito áxil e resolutivo, en particular a través do correo electrónico. A titorización levouse a cabo fundamentalmente polos docentes con responsabilidade de coordinación (de prácticas externas, TFM, coordinación xeral, etc.).</p>

Obter unha valoración media igual ou superior a 4/7(ou equivalente) en todas as titulacións, no Indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado. Actualmente non constan os datos referidos ao curso 13-14.					Non constan en Unidata datos correspondentes ao curso 2013-2014 no indicador 76.
Manter unha valoración media igual ou superior a 5,5 sobre 7 (ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do PDI cos recursos de apoio ao ensino, en todas as titulacións do centro.		X			A análise das enquisas de satisfacción no indicador 80, que reflicten esta cuestión, indica que, dado o incremento na esixencia desta medida non se supera o valor de 5,5 pts. en tódolos títulos, aínda que sí no 50% dos mesmos. Con todo, a puntuación xeral é elevada oscilando entre 4,86 e 6,12 pts.
Obter unha valoración media igual ou superior a 4,5 sobre 7 (ou equivalente) no indicador relacionado co grao de satisfacción do alumnado cos recursos de apoio ao ensino.		X			A análise das enquisas de satisfacción no indicador 75, que reflicten esta cuestión, indica que, téndose incrementado a esixencia neste apartado, non se chegou a superar o valor de 4,5 pts. en tódolos Graos. A puntuación oscila entre 3,85 e 5,63 pts.

5.2.Outras observacións

A CGIC do centro considera que os obxectivos de calidade previstos para o curso 2013-2014 foron conseguidos en parte, para os respectivos títulos, se ben aínda existe algún punto conflitivo. O propósito é continuar mellorando no futuro a partir das metas acadadas e asumindo con empeno novos retos.

6.Informe Anual de Seguimento dos Títulos do Centro

6.1.Conclusións respecto dos informes anuais de seguimento de títulos

Unha vez elaborados os informe anuais de seguimento das titulacións adscritas ao Centro que, unha vez máis, de seguido, se reflicten:



Edificio de Facultades
Campus de Ourense
32004 Ourense, España

Tel.: 988 387101
Fax.: 988 387159

Graos

Educación Infantil

Educación Primaria

Educación Social

Traballo Social

Mestrados

Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Investigación PsicoSocioEducativa con Adolescentes en Contextos Escolares

Máster Universitario do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

A CGIC do centro considera satisfactorio o desenvolvemento de todas as titulacións da Facultade, tendo en conta, ademais, as inxedanzas que provocan as enormes esixencias do Sistema de Garantía Interno de Calidade, que se acompaña de poucos recursos humanos e materiais, os continuos cambios procedimentais e/ou normativos, así como o empeoramento das condicións laborais do profesorado e do PAS, e a escasa motivación do alumnado ante un futuro incerto e carente de estímulos e oportunidades laborais. Por último, pese a isto, cabe resaltar que os informes de tódalas titulacións de Grao e Mestrado do centro obtiveron a valoración de “Conforme”, o que reflicte a gran implicación, adicación e vontade por parte do conxunto da Facultade.

Os autoinformes definitivos de seguimento dos títulos foron aprobados pola Xunta de Centro da Facultade o día 29/10/014.

6.2. Conclusións respecto ó Plan de Mellora

Analizados os plans de mellora postos en marcha e o proposto nos Informes anuais de seguimento de Títulos, a Comisión de Garantía de Calidade establece as seguintes valoracións sobre o seu avance:

Táboa recopilatoria sobre o seguimento do Plan de Mellora

Nome da Titulación	Grado de avance do Plan de Mellora (valoracións da Comisión de Garantía de Calidade)	Data de aprobación do plan de mellora
Grao Educación Infantil	Implantadas todas as cuestións organizativas incluídas no plan de mellora e na Memoria Verifica modificada: (a) nova mención de Audición e Linguaxe no centro María Sedes Sapientiae de Vigo; (b) oferta das mencións indistintamente ao Grao de Infantil e ao Grao de Primaria, excepto Afondamento Curricular; (c) os novos cursos ponte; (d) a elección indistinta das optativas en 3º e 4º curso. Se identifican algunhas dificultades (horarios curso ponte, contidos materias compartidas por alumnado de Infantil y Primaria) que son plantexadas como propostas de mellora para el curso 14-15. O resto das cuestións teñen unha evolución axeitada.	29/10/2014
Grao de Educación Primaria	Implantadas todas as cuestións organizativas incluídas no plan de mellora e na Memoria Verifica modificada: (a) nova mención de Audición e Linguaxe no centro María Sedes Sapientiae de Vigo; (b) oferta das mencións indistintamente ao Grao de Infantil e ao Grao de Primaria, excepto Afondamento Curricular; (c) os novos cursos ponte; (d) a elección indistinta das optativas en 3º e 4º curso. Se identifican algunhas dificultades (horarios curso ponte, contidos materias compartidas por alumnado de Infantil y Primaria) que son plantexadas como propostas de mellora para el curso 14-15. O resto das cuestións teñen unha evolución axeitada.	29/10/2014
Grao de Educación Social	Continuamos mellorando a información pública a través da web, para aumentar a visibilidade das cuestións específicas do título. Comezaron a implementarse as melloras introducidas na memoria do grao, a raíz da iniciación do curso de adaptación ao grao. Mantéñense relacións continuadas co Colexio Profesional, e coa Conferencia de Decanos co fin de perfilar a profesión e as saídas profesionais da educación social. Corriximos a redacción do punto 5, xa que no informe de seguimento anterior detectamos un erro na información debido a pegar a xustificación e informe de valoración no lugar errado do PDF. O resto das propostas de mellora van tendo unha evolución positiva.	29/10/2014

Grao de Trabajo Social	Constatáronse e corríxíronse algúns desaxustes na implantación, por primeira vez, do Curso Ponte. Comprobáronse os beneficios da modificación nas “materias chave” de acceso ó Prácticum, facilitando tamén o acceso ao TFG. Incorporouse á Web información para aumentar a visibilidade das cuestións específicas e importantes do título. O resto das accións incluídas no Plan de mellora para o curso 2012-13 realizáronse total ou parcialmente.	29/10/2014
Mestrado Universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	Mellora da información que se da dende a WEBS sobre a titulación. Realización de sesións de traballo con docentes de diferentes áreas e Universidades para axustar as investigacións realizadas no mestrado ás necesidades dos centros educativos. Dende mediados do curso 2013/2014 estanse a incorporar un maior número de protocolos, en especial os relacionados con procedemento de planificación e desenvolvemento da ensinanza (PC06) e orientación ao estudante (PC05). O resto das propostas van evolucionando satisfactoriamente	29/10/2014
Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	Modificouse a planificación docente, incorporándose un maior número de materias obrigatorias. Situouse a información fundamental do título nun único documento, que se publicou na web. Mellorouse a web. O resto das cuestións van evolucionando axeitadamente	29/10/2014
Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas	Fíxéronse diferentes melloras cuxo avance refléxase en xeral na ampliación da información existente na páxina web do mestrado e a eliminación da información superflua; Mellora da información que se da dende a WEBS dos centros de adscrición sobre a titulación, a partir da inclusión dun enlace directo nas mesmas a web do mestrado; revisión da información publicada na Información Pública da Aplicación SGIC-Seguimento de títulos; na inclusión na páxina WEB do mestrado de información sobre referentes externos e descrición de procedementos de consulta internos e externos; e) Deseño do PAT específico para esta titulación; recollida da Xunta de Galicia de información sobre os tiores de prácticas dispoñibles; publicación na páxina WEB propia do mestrado de información sobre os recursos espaciais cos que conta a titulación; preparar acción para fomentar a participación do alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción; visibilización dende a páxina web propia de procedementos e evidencias nos que está implicada a titulación.	29/10/2014

Finalmente, indicar que a CGIC do centro considera que entre as propostas de mellora relativas ós Graos, para o curso 2013-14, as máis importantes fan referencia a materialización das que permitiu a modificación da Memoria verifica, incorporando 14 cursos ponte: 6 para o Grao de Educación Infantil, 6 para o Grao de Educación Primaria, 1 para o Grao de Educación Social e 1 para o Grao de Traballo Social. Ademais, nos Graos de Educación Infantil e Educación Primaria fíxose efectiva unha mención nova, supondo un total de 3 para cada título, das que 2 se ofrecen simultaneamente ós dous Graos. Todo isto supón unha gran complexidade organizativa que esixe un gran esforzo o equipo decanal e a tódolos membros implicados directa ou indirectamente nos procedementos de mellora de calidade do centro. Con respecto tanto ós Graos como ós Mestrados cabe resaltar que as súas diferentes páxinas web gañaron en accesibilidade e transparencia ofrecendo unha enorme cantidade de información e mellorando as súas respectivas interfaces e a dinamización establecida entre as mesmas.

Ourense, 6 de novembro de 2014

Vº e Pr. A Presidenta



Asdo.: Mª del Mar García Señorán



A Secretaria



Asdo.: Mª Carmen Ricoy Lorenzo